

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032923	IES de Carral	Carral	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	1º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

1. Introducción

Programación didáctica para 1º ESO no IES de Carral.

Este nivel de 1º da ESO conta cun total de 85 alumnas e alumnos distribuídos en tres grupos de 27, 29 e 29

O reparto por sexos sería de 36 alumnas e 49 alumnos.

Seis chicas e dous chicos permanecen un ano máis no mesmo curso.

Atopamos alumnado con NEE e con discapacidade motora. Tamén temos alumnado con TDAH e TEA ós que será preciso aplicar os protocolos específicos e as indicacións do departamento de orientación.

O centro conta cun pavillón pequeno de 26x13 metros e unha pista exterior descuberta de 40x20.

Non hai problemas de dispoñibilidade porque o centro conta con 10 aulas e os horarios dos cursos non se solapan.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.	5	3			1-3-5	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Presentación da materia.	Información ao alumnado do significado, obxectivos, contidos e criterios de cualificación da Educación Física para este curso. Actividades e xogos de presentación, convivencia e inclusión grupal.	2	3	X		
2	Quentando motores I.	Significado na práctica da actividade física. Realizar de quecementos de tipo xeral. Coñecer, comprender e valorar o quecemento como hábito saudable ao comezo dunha actividade física. Distinguir as partes dunha sesión dedicada a práctica de actividade física. Coñecer as partes do corpo implicadas e o vocabulario adecuado.	2	3	X		
3	Estamos en forma? Condición física e saúde.	Coñecer as Capacidades Físicas principalmente as relacionadas coa saúde. Traballar as CFB buscando unha mellora nas mesmas. Realizar xogos para a mellora da condición física.	12	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Estamos en forma? Condición física e saúde.	Tea de araña. Protocolos básicos de PPAA.	12	10	X		
4	O primeiro dos deportes: atletismo	Modalidades do atletismo. Axuste da execución á globalidade do xesto técnico. Relación da técnica coa prevención de lesión, coa eficacia, eficiencia e seguridade. Capacidade motrices implicadas	12	8		X	
5	Xogamos ao béisbol	Descubrir a importancia que ten hoxe en día a cultura do lecer e a ocupación activa do tempo de ocio.	10	6	X		
6	Como Amaya Valdemoro e Pau Gasol	Habilidades propias do deporte colectivo. Modelos técnicos das habilidades ofensivas e defensivas e adaptación ás características dos participantes. Dinámica interna, función dos xogadores/as e principios estratéxicos. Capacidades implicadas. Estímulos relevantes que condicionan a conduta motriz: situación do balón e a canastra, espazos libres, tempos...	10	8		X	
7	Somos ximnastas + acrosport	Tipos de ximnasia. As diferentes categorías no acrosport. Os diferentes elementos e as diferentes dificultades. As axudas nos diferentes elementos ximnásticos. Os agarres. Creación de múltiples e variadas formas corporais e expresivas. Realización de exercicios con elementos acrobáticos e ximnásticos simples: grupo de equilibrios, forza estática, flexibilidade, elementos acrobáticos e piruetas ximnásticas. Execución de formacións corporais formando un conxunto harmónico con elementos coreográficos e música. Execución de xiros nos diferentes eixos corporais. Execución do equilibrio de mans e de cabeza. Importancia da colaboración entre tódolos membros do grupo. Factor primordial para o desenvolvemento da actividade: a cooperación. Aceptación do propio nivel de execución e disposición cara a súa mellora.	12	6		X	
8	Xogamos ao bádminon	Historia, técnica, táctica e regulamento do xogo. Estratexia e interpretación do xogo. Adecuación das condutas e aceptación do resultado.	12	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Xogos Populares e Tradicionais	O deporte como fenómeno social e cultural. Coñecemento de xogos e deportes populares e tradicionais galegos. Práctica dos xogos anteriormente descritos. Execución e aplicación de xestos, normas e regras de deportes e xogos autóctonos. Valoración dos xogos e deportes autóctonos como vínculo e parte do patrimonio cultural da comunidade. Participación e integración nas actividades colectivas e individuais con independencia do nivel de destreza acadado. Integración social na práctica das actividades de carácter deportivo recreativas.	12	4			X
10	Bailando vou... danzando veño	Ritmo e movemento, expresión e creatividade: adaptación do movemento a estruturas rítmicas sinxelas, así como a distintos estilos de música. Creación de secuencias de movemento sobre frases rítmicas. Predisposición positiva do alumno á hora de traballar con distintas músicas. Colaboración na execución conxunta das danzas e coreografías. Valoración do movemento rítmico do resto de compañeiros e grupos. Colaboración na invención de novos pasos.	10	7			X
11	Ecodeportes	As actividades físicas no medio natural que ofrece o entorno. Orientación deportiva. Realizar e explicar de forma sinxela planos e orientarse por eles.	6	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Presentación da materia.	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar as actividades motrices.	TI	100
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Resolver os conflitos mediante o diálogo.		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Evitar estereotipos de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. - Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e a capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices. - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos. - Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas. - Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social. - Funcións de arbitraje deportiva. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego.

UD	Título da UD	Duración
2	Quentando motores I.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Utilizar a aula virtual	PE	5
CA1.1 - Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Establecer secuencias sinxelas de actividade física.	TI	95
CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Quecementos autónomos.		
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar medidas de prevención de lesións no quecemento.		
CA1.4 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñecer comportamentos sociais vinculados á saúde.		
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Diálogo para resolver conflitos.		
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar medidas para a prevención de lesións.		
CA2.2 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física aplicando medidas básicas de primeiros auxilios.	Coñecer protocolos de intervención.		
CA2.3 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar as actividades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Xestionar a preparación e a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Participar nos xogos motores.		
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Aplicar as normas de seguridade traballadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Taxa mínima de actividade física diaria e semanal, adaptando a intensidade da tarefa ás características persoais. - Alimentación saudable. - Educación postural: técnicas básicas de descarga postural e relaxación. - Musculatura lumbo-pélvica e a súa relación co mantemento da postura. - Coidado do corpo: queceamento xeral e específico autónomo. - Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada. - A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva. - Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> - Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais. - Comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices. - A actividade física como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social e superación persoal. - Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación. - Preparación da práctica motriz: autoconstrución de materiais como complemento e alternativa na práctica da actividade física e do deporte. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía. - Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar. - Actuacións básicas ante accidentes durante a práctica de actividades físicas. - Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer). Protocolo 112. Soporte vital básico (SVB).

UD	Título da UD	Duración
3	Estamos en forma? Condición física e saúde.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Utilizar as aplicacións dixitais.	TI	100
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Traballo no Q+.		
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Implicarse nas actividades propostas.		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Realizar as tarefas propostas.		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar co resto de compañeiras/os.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais nas que se desenvolve en situacións motrices individuais. - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas. - Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas. - Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas. - Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo.

UD	Título da UD	Duración
4	O primeiro dos deportes: atletismo	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Utilizar as aplicacións dixitais.	PE	20
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Traballar nos proxectos.	TI	80
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Aplicar os principios básicos.		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Realizar as tarefas propostas.		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar co resto de compañeiros/as.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais nas que se desenvolve en situacións motrices individuais. - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas. - Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas. - Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas. - Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo.

UD	Título da UD	Duración
5	Xogamos ao béisbol	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar as actividades	TI	100
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Resolver os conflitos dialogando.		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Análise das diferentes actividades físicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. - Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e a capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices. - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos. - Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social. - Funcións de arbitraje deportiva. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego.

UD	Título da UD	Duración
6	Como Amaya Valdemoro e Pau Gasol	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Traballar coas aplicacións dixitais.	PE	20
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Desenvolver os proxectos encomendados.	TI	80
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houber) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Aplicar os principios básicos.		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Practicar os diferentes compoñentes cualitativos e cuantitativos.		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar co resto de compañeiros/as.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións: - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais nas que se desenvolve en situacións motrices individuais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas. - Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas. - Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas. - Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas. - Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo.

UD	Título da UD	Duración
7	Somos ximnastas + acrosport	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Utilizar os recursos.	TI	100
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Implicarse nos proxectos.		
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Aplicar os principios básicos.		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Executar as actividades propostas.		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar co resto de compañeiros/as.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Toma de decisións:
 - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais nas que se desenvolve en situacións motrices individuais.
 - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.
 - Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
 - Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.
- Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas.
- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.
- Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo.

UD	Título da UD	Duración
8	Xogamos ao bádminon	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Utilizar as aplicacións.	PE	20
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Traballar nos proxectos.	TI	80
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Aplicar os principios básicos das actividades propostas.		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Intentar resolver os problemas propostos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar co resto de compañeiros/as.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais nas que se desenvolve en situacións motrices individuais. - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas. - Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas. - Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas. - Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas. - Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo.

UD	Título da UD	Duración
9	Xogos Populares e Tradicionais	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Participar nos xogos e deportes.	TI	100
CA5.2 - Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.	Utilizar o corpo e o movemento para expresarse.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural.
- Os xogos e as danzas como manifestación da interculturalidade.
- Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimentos e emocións en diferentes contextos.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico expresivo.
- Xogos, deportes, danzas e bailes autóctonos de Galicia como elemento transmisor do patrimonio cultural.

UD	Título da UD	Duración
10	Bailando vou... danzando veño	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Participar nos xogos e deportes propostos.	TI	100
CA5.2 - Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.	Implicarse nas técnicas expresivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural.
- Os xogos e as danzas como manifestación da interculturalidade.
- Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimentos e emocións en diferentes contextos.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico expresivo.
- Xogos, deportes, danzas e bailes autóctonos de Galicia como elemento transmisor do patrimonio cultural.

UD	Título da UD	Duración
11	Ecodeportes	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar as medidas básicas de seguridade.	TI	100
CA6.2 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñer comportamentos incívicos.		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Participar nas actividades propostas.		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Realizar as actividades no medio natural con seguridade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura, saudable e sostible. - O uso da bicicleta como medio de transporte habitual. - Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestes. - Consumo responsable no ámbito da actividade físico-deportiva. - Practica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Como consecuencia de todo o anterior, establécese unha serie de orientacións metodolóxicas que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, a consolidación e a integración dos 6 bloques de contidos:

- A nosa materia terá un carácter eminentemente práctico e vivencial.
- A selección dos contidos e das metodoloxías activas e contextualizadas debe asegurar o desenvolvemento das competencias clave.
- O uso de estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
- Deseñaremos diferentes tipos de tarefas e secuencias adaptadas aos niveis, ás formas e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos o máis ampla posible, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvidas nos últimos tempos.
- Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base na descuberta guiada, a resolución de problemas, o traballo por retos e proxectos, e a cooperación, tendo presente o desenvolvemento da creatividade do alumnado.
- Implicaremos ás familias como un factor clave para facer dos alumnos e das alumnas auténticos suxeitos activos dunha xestión cada vez máis autónoma e comprometida da súa saúde, mediante a adquisición de hábitos de vida

saudables.

- Incorporaremos achegas de autores de gran relevancia, como por exemplo:

*Piaget: Representante do construtivismo. As nosas unidades proporán actividades que supoñan un desequilibrio para o alumno/a de forma que este/a realice un proceso de axuste que lle leve de novo ao reequilibrio, construíndo a súa propia aprendizaxe.

*Ausubel: As súas achegas fundamentais son a importancia dos coñecementos previos, a avaliación inicial e a aprendizaxe significativa. Nas nosas sesións propóñense actividades que posibilitan a relación entre o que xa coñecen e as novas aprendizaxes.

*Vygostki: Avoga pola construción social do coñecemento. Partiremos do nivel de desenvolvemento próximo (o que o neno fai) para levalo á zona de desenvolvemento potencial (o que pode chegar a facer con axuda).

*Bruner: Concede grande importancia ao traballo en equipo e as axudas que os alumnos e alumnas expertos poden ofrecer aos inexpertos.

*Johnson e Johnson: Representante da aprendizaxe cooperativo. Esta aprendizaxe é definida como unha metodoloxía educativa baseada no traballo en grupos, xeralmente pequenos e heteroxéneos, nos cales cada alumno/a traballa cos seus compañeiros/as para mellorar o seu propio aprendizaxe e o dos demais.

En definitiva, a metodoloxía que defendemos caracterízase por ser flexible (adáptese a todo o mundo), individualizada (axustándose ao ritmo de cada alumno), participativa (favorecendo o compañeirismo e a cooperación), activa (evitando tempos de espera), inductiva (promovendo a autoaprendizaxe), creativa (fuxindo de estereotipos), progresiva (do doado ao difícil, do coñecido aos descoñecido, do concreto ao abstracto), motivadora (dando confianza e seguridade) e que facilite a transferencia (xeneralizar aprendizaxes en distintos contextos e situacións).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos

O material responde a diversos principios: seguridade; mantemento en bo estado; alcanzable e variado; suficiente para asegurar a práctica de todo o alumnado; carácter multifuncional; adaptados ás características psicoevolutivas do alumnado; fácil de utilizar, trasladar, montar e desmontar. O Departamento conta cun inventario actualizado de material específico. Utilizarase tamén material dixital (uso da Aula Virtual, canal de YouTube, apuntamentos, infografías...).

O material xeral co que conta o Departamento é o seguinte: 10 colchonetas; 1 quitamedos; poldro; plinto; espaldeiras; picas; aros; cordas; conos; raquetas, volantes e rede de Bádminton; raquetas e pelotas de Speedball; Balóns (baloncesto, fútbol, voleibol, rugby, balonmán, psicomotricidade); rocódromo, mosquetóns, arneses; balóns medicinais; 2 mesas de ping pong, Floorball (sticks, porterías e bolas), bancos suecos, altímetros, escaleiras de axilidade, bandas elásticas, equipo de música, ordenador do Departamento.

En canto ás instalacións utilizaremos pavillón cuberto, a pista descuberta, a aula de informática e a contorna natural do centro, así como os seus arredores naturais. En canto á organización do pavillón cuberto, a información exposta é de fácil comprensión e está ao alcance de todas as persoas nun taboleiro na entrada.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Levarase a cabo durante as dúas primeiras semanas de curso. Posteriormente, ao inicio de cada unidade didáctica realizaremos preguntas sobre a temática para situar o nivel de coñecementos previos.

Tamén utilizaremos circuitos de axilidade, coordinación e equilibrio, retos motores individuais e colectivos, prácticas lúdicas para coñecer o grao de cohesión grupal, respecto, cooperación.

Enquisa de práctica deportiva actual.

Esta variedade de actividades permitirá coñecer o nivel de capacidades, intereses e motivacións coa idea de regular

o proceso de ensino-aprendizaxe.

Estes resultados teranse en conta na sesión de avaliación inicial co profesorado correspondente a cada grupo, co Departamento de Orientación e co equipo directivo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	2	2	12	12	10	10	12	12	12	10
Proba escrita	0	5	0	20	0	20	0	20	0	0
Táboa de indicadores	100	95	100	80	100	80	100	80	100	100

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	100
Proba escrita	0	7
Táboa de indicadores	100	93

Criterios de cualificación:

Sempre e cando as aprendizaxes mínimas de cada unidade didáctica integrada estean adquiridas, a superación da materia de educación física equivale a obter unha cualificación de 5 puntos ou superior. A nota numérica obterase da suma dos seguintes catro apartados:

- A. Saber: corresponde ao compoñente máis cognitivo-teórico. (20% da nota).
- B. Poder facer: vinculado a aspectos práctico-motrices. Habilidades e destrezas propias da materia. (40% da nota).
- C. Saber estar: contidos relacionados coa actitude, relacións interpersoais, respecto, cooperación, hixiene e indumentaria. (40% da nota).
- D. Quero máis (Q+): apartado voluntario asociado con experiencias de aprendizaxe relacionadas coa educación física. (+10% da nota).

- * A nota de cada avaliación obterase da suma de cada apartado sempre en cando se acade un 25% en cada un deles.
- * O cálculo da nota ordinaria de xuño corresponderá coa media aritmética das notas de cada avaliación.
- * Redondéase a unidade superior sempre que o primeiro decimal sexa sete ou superior.
- * Realizaremos un seguimento, recuperación e avaliación do alumnado coa materia pendente de cursos anteriores.
- * Ao finalizar o terceiro trimestre, o alumnado con algunha avaliación non superada deberá realizar unha proba final. Coñecerá previamente a batería de probas para poder practicalas, atendendo aos contidos traballados nas clases e aos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados vencellados a estes contidos. A ponderación das probas será a seguinte: 60% probas físicas e 40% probas conceptuais. Obterase unha cualificación positiva cun 5 ou superior.

Criterios de recuperación:

- * Implantaremos un plan de recuperación para o alumnado cunha avaliación negativa dentro do curso escolar actual.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

- Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente doutros cursos: non procede este curso lectivo dado que non hai alumnado coa materia pendente doutros cursos anteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

Atenderemos á diversidade como principio fundamental intentando axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades, e facilitando recursos e estratexias variadas que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presentan os alumnos e alumnas. [Igualdade de oportunidades]. Serva de exemplo o apartado chamado "Quero máis" (Q+).

Estas medidas de atención á diversidade poderán ser tanto organizativas como curriculares, e permitirán unha organización flexible das ensinanzas e dos recursos humanos e materiais para unha atención o máis personalizada posible. Porémolas en práctica tan pronto como se detecte no alumnado un caso con dificultades de aprendizaxe.

Irán dirixidas á consecución dos diferentes obxectivos:

- Facilitar ao alumnado o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e á adquisición de competencias clave e dos obxectivos da materia de educación física.
- Establecer os mecanismos axustados de apoio e reforzo precisos, que permitan detectar e superar as dificultades de aprendizaxe que presente o alumnado.
- Coordinar coa titoría e orientación educativa do alumnado para apoiar o seu proceso educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación do consumidor								
ET.2 - Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os dous sexos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación ambiental								
ET.5 - Educación para a saúde e calidade de vida		X	X					

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Educación do consumidor	X		
ET.2 - Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os dous sexos	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X
ET.4 - Educación ambiental			X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.5 - Educación para a saúde e calidade de vida			

Observacións:

Traballaremos a nivel global a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores e a igualdade de xénero e a creatividade.

Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Recreos activos	Actividades no tempo de lecer: torneos, coreografías...	X	X	
Semana da Buxaina	Co motivo do refrán "Polo San Martiño, peóns ao camiño" traballaremos a motricidade fina utilizando buxainas na semana do 11 de novembro.	X		
Magostolandia	Xogos Populares e Tradicionais ubicados na celebración do Magosto.	X		
I San Silvestre	Realización dunha carreira dentro do recinto escolar.			X
Plan Proxecta	Carreira do Campo a Través dentro do programa XOGADE (Deporte Escolar).		X	X
Programa DAFIS	Dito acrónimo corresponde a "Datos de Actividade Física Saudable", unha ferramenta elaborada ao amparo do PLAN GALICIA SAUDABLE promovido pola Xunta de Galicia e coordinado pola Secretaría Xeral para o Deporte co obxecto de valorar a condición física do alumnado.	X	X	X
Saída vinculada a Ecodeportes	Pendente de confirmar.			X

Observacións:

Dende a educación física participárase nas conmemoracións tal e como se acorde nas distintas reunións do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (EACE), nas reunións das distintas dinamización, nas do departamento e na Programación Xeral Anual (PXA).

Fomentárase outras actividades complementarias tendo en conta as propostas do alumnado, profesorado e familias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Os obxectivos da materia son adecuados ás características do alumnado e facilitan o desenvolvemento das Competencias Clave
Os contidos adecúanse aos obxectivos e organízanse cunha complexidade crecente
As competencias clave axústanse ás necesidades e características do alumnado.
Inclúense aspectos relativos aos Plans e Proxectos do Centro: Convivencia, Lector, Lingüístico, TIC e Físico-Deportivo.
A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
A información inicial das unidades e das sesións é suficiente, clara e precisa.
As estratexias na práctica permiten que o alumnado asimile o que vai facer.
A motivación e reforzos redundan nun apredizaxe adecuado.
A organización dos grupos facilita o proceso de ensino-aprendizaxe
Aproveitamento do tempo real de clase e tempo efectivo ou activo.
O clima socioafectivo é adecuado.
A organización permite a individualización

Descrición:

Tendo en conta a complexidade do desenvolvemento curricular proposto, pode acontecer, que no proceso de análise e concreción de cada un dos seus elementos, perdamos de vista a intención da materia de Educación Física. Por iso, unha vez deseñado e, no seu caso levado á práctica, é necesario proceder á verificación/comprobación da coherencia e adecuación da programación con respecto ás capacidades xerais relacionadas coa etapa.

Supón o recoñecemento da necesidade da avaliación continua, non solo no proceso de avaliación do alumnado, senón do propio proceso de planificación que supón a elaboración dunha programación, que debe mellorar a partir da práctica docente e a constatación da súa eficacia no éxito profesional do noso alumnado.

Proponse pois, a verificación de que o traballo de planificación realizado permite alcanzar os obxectivos previstos, tanto na organización dos tempos como, en último termo, a adquisición das capacidades e competencias establecidas para a materia. Propóñense os seguintes indicadores para a súa reflexión e, no seu caso, reformulación do proceso de desenvolvemento curricular. Estes indicadores de logro agrúpanse en tres bloques: programación, metodoloxía e organización. Son valorados a través dunha escala de 0 a 3 puntos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Dita programación será revisable trimestralmente coa idea de axustar a axuda pedagóxica ao noso alumnado. Incorporaranse as propostas de mellora detectadas.

9. Outros apartados

1. CONTRIBUCIÓNS AOS PROXECTOS DO CENTRO (PLAN DIXITAL, PROXECTO LECTOR, PROXECTO LINGÜÍSTICO E PLAN DE CONVIVENCIA).

PLAN DIXITAL TIC para presentar unidades, ver vídeos ou traballos do propio alumnado, busca de información, etc. Utilización da aula virtual e do canal de youTube. PROXECTO LECTOR O alumnado terá que buscar, ler e comprender algúns documentos para aprofundar nalgúns coñecementos, feitos, habilidades, e actitudes relativos á Educación Física. Deste xeito intentamos facer lectores máis competentes, máis capaces e, polo tanto, apoiaremos así dende a nosa materia o Proxecto Lector de Centro. Non debemos esquecer a semana da prensa. PROXECTO LINGÜÍSTICO Participación nas actividades de dinamización da lingua galega propostas polo equipo de DLG e pola biblioteca como as celebracións máis ligadas á cultura galega. PLAN DE CONVIVENCIA